



IDIOMAS NA REDE

Aprender galego en liña

23.04.2007 Na actualidade podemos atopar tres cursos en internet para aprender ou perfeccionar os nosos coñecementos sobre a lingua de Galicia. Ademais existe hoxe un gran número de recursos á nosa disposición: bibliotecas virtuais, radios, televisións...

HENRIQUE NEIRA. SANTIAGO

Se queremos aprender máis vocabulario, practicar a pronunciación, ou simplemente ler textos ou escoitar gravacións en lingua galega, cada vez temos máis recursos na rede ó noso dispor, accesibles nunha chea de webs.

Para empezar, hai tres cursos en liña que podemos seguir ó ritmo que desexemos. Galingua está deseñado pensando sobre todo na xente nova. Este curso podemos descargalo desde o enderezo www.edu.xunta.es/galingua e empregalo no noso ordenador.

Na web do Centro de Supercomputación de Galicia está aloxado o curso e-galego, que podemos atopar en <http://e-galego.cesga.es>.

E en www.cursodegallego.com encontraremos outro curso con textos e gravacións, que a diferenza dos anteriores xorde como unha iniciativa privada.

O Consello da Cultura Galega creou hai pouco un directorio de recursos en liña para facilitar a aprendizaxe do galego e tamén para coñecer a cultura de Galicia, que ten o seu enderezo en www.loia.org.

Entre estes recursos podemos salienta os dicionarios, léxicos e glosarios, as webs sobre onomástica e toponimia, publicacións en liña, software en lingua galega e bibliografía sobre gramática, historia da lingua ou sociolingüística. Ademais existe un apartado no que se nos conta a historia do idioma, outro no que se nos dá unha perspectiva rápida da situación da lingua e un sitio máis onde atoparemos nocións de gramática para ir aprendendo cousas novas sobre a lingua.

O propio Consello da Cultura achéganos contidos audiovisuais a través da televisión en liña do seu portal www.culturagalega.org. Estes contidos son vídeos sobre diferentes temas que encontramos en www.culturagalega.org/TV. Hai, por exemplo, unha serie sobre xeografía e paisaxes de Galicia e outra sobre persoeiros do mundo da cultura.

A Televisión de Galicia (www.tvg.es) e a Radio Galega (www.radiogalega.es) emiten en directo a súa programación en galego a través da arañeira, igual que a emisora do Grupo Correo Gallego, Radio Obradoiro (www.radioobradoiro.com), que emite algúns espazos nesta lingua.

Se o que queremos é ler textos xornalísticos, temos moitos cada día no noso propio xornal en www.galicia-hoxe.com e noutras webs e medios de comunicación en liña de fácil consulta.

Pero se preferimos textos literarios, tamén hai unha ampla oferta na rede á que podemos recorrer grazas ás bibliotecas virtuais.

Aínda que existen máis, nesta ocasión soamente imos poñer de exemplo unhas cantas das que posúen máis volumes dixitalizados. E comezamos con www.bivir.com: o proxecto da Asociación de Tradutores Galegos quere ofrecernos "ós lectores galegos a literatura universal na nosa propia lingua". Posúe máis de cen obras, coma *A máquina do tempo* de Herbert George Wells ou *A lenda de Sleepy Hollow*, de Washington Irving.

A Biblioteca Virtual Galega (<http://www.bvg.udc.es>) achega obras completas e fragmentos en formato textual, imaxe (reproduccións fotográficas das páxinas), audio e audiovisual, así como biografías de autores. Dispón de obras de narrativa, poesía, teatro, literatura infantil e xuvenil, ensaios e outros xéneros. O catálogo é de fácil acceso e podemos consultar por autoría, por título, por xénero, por formato...

O soportal LG3 de [Culturagalega.org](http://www.culturagalega.org) conta con case douscentos textos para descargar, a maioría deles procedentes da biblioteca virtual do Consello da Cultura Galega. Atopamos desde libros de historia coma *Milarios e outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico*, de Antonio Rodríguez Colmenero, Santiago Ferrer Sierra e Rubén D. Álvarez Asorey, ata libros sobre o medio natural coma *A natureza ameazada*, en edición de Ernesto Viéitez Cortizo e José Manuel Rey Salgado.

A Real Academia Galega en realacademiagallega.org dispón de biblioteca virtual, hemeroteca virtual e apartado de publicacións. Na biblioteca virtual podemos consultar polo de agora 25 obras, como o *Cantigueiro popular* de Marcial Valladares ou *A tecedeira de Bonaval*, de Antonio López Ferreiro.